

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 13.04.2018 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 13 de abril de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

- 1.1 9835 (10/PNC-001022)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar a substitución dos helicópteros "Sikorsky S-76 C+," coñecidos como "Pesca I" e "Pesca II", polos "Dauphin 365" que pertencían á Xunta de Galicia no ano 2005
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017

- 1.2 19645 (10/PNC-001599)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha plataforma online para a venda de peixe e marisco das lonxas galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017

- 1.3 23024 (10/PNC-001842)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa defensa dos intereses galegos no marco europeo da pesca e a incidencia neles da normativa de eliminación de descartes, de medidas técnicas e de control
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

- 1.4 23099 (10/PNC-001852)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a axilización polo Goberno galego dos trámites necesarios para a recuperación do litoral afectado pola construción do porto deportivo de Sanxenxo, así como a decisión que debe adoptar en relación coa solicitude presentada polo Real Club Náutico para a modificación e ampliación da concesión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

- 1.5 25978 (10/PNC-001997)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a realización pola Xunta de Galicia e traslado aos grupos parlamentarios dun informe referido aos trámites levados a cabo e da documentación remitida ao Goberno central para a presentación, diante da Unión Europea, da candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

- 1.6 26991 (10/PNC-002080)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a actuación que debe levar a cabo para evitar a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018
- 1.7 27595 (10/PNC-002138)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas oportunas para posibilitarlle á frota galega de artes distintas ao arrastre e ao cerco, que vai levar a cabo a pesqueira da cabala no ano 2018, o desenvolvemento da súa actividade nas mesmas condicións que as outras frots do Cantábrico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 9835(10/PNC-001022)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar a substitución dos helicópteros

"Sikorsky S-76 C+," coñecidos como "Pesca I" e "Pesca II",

polos "Dauphin 365" que pertencían á Xunta de Galicia no ano 2005

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

No ano 2005, o Sr. Enrique López Veiga, naquel momento conselleiro do Mar mercou por uns 27 millóns de euros dous Sikorsky S-76 C+, os coñecidos como Pesca 1 e Pesca 2, naquel momento segundo a Consellería, eran os helicópteros que mellor se adaptaban ás costas galegas.

Como a Xunta non tiña persoal propio, tal como rescatadores, mecánicos, pilotos... subcontratou con INAER, actualmente BABCOCK ESPAÑA, ese persoal. Con un custe aproximado duns 2 millóns de euros. De modo que os dous Douphin 365, que había naquel momento, foron substituídos.

No ano 2012, a Xunta, xusto antes de levar a cabo a *overhaul* necesaria, decidiu malvender os dous Douphin 365 por case 12 millóns de euros. Esta xestión foi duramente criticada polo Consello de Contas. O comprador foi INAER, empresa coa que posteriormente se estableceu un contrato de 5 anos para operar os Sikorsky S-76 C+, con un custe anual de case 9 millóns de euros. Naquel momento a Xunta defendeu que o custe se reducía nos 13 millóns que se recibían pola entrega das aeronaves. Aínda así supoñía case os 7 millóns de euros.

Agora, no ano 2017, a piques de vencer o contrato con INAER, todo apunta a que os dous Sikorsky S-76 C+ serán substituídos por dous Douphin 365, precisamente aqueles que xa pertencían á Xunta no ano 2005. De feito, un dos Douphin 365 xa está en Viveiro. E todo apunta a que ocorrerá o mesmo co que está en Vigo.

Deste xeito atoparémonos coa seguinte cuestión: a Xunta está disposta a desembolsar, se o concurso vai adiante, uns 7 millóns de euros anuais polos Dauphin 365, que xubilou naquel momento, xa que non eran, segundo a Consellería, os que máis se adaptaban ás costas galegas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 9835
Data envío: 31/05/2017 19:16:21.247



Grupo Parlamentario

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que realice as xestións necesarias para que os Sikorsky S-76 C+ non sexan substituídos polo Dauphin 365.

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 31/05/2017 19:12:30

Julio Torrado Quintela na data 31/05/2017 19:12:43

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/05/2017 19:12:50

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 19645(10/PNC-001599)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha plataforma
online para a venda de peixe e marisco das lonxas galegas

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 18:14
Nº Rexistro: 19645
Data envío: 02/11/2017 18:14:13.755



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre a creación de unha plataforma online para a venda de peixe e marisco das lonxas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia actualmente conta con máis de 60 lonxas para a venda de peixes e mariscos, as cales durante o ano 2016 moveron máis de 188 toneladas e facturaron 491 millóns de euros. Estes datos demostran que o sector do mar é clave para a economía galega. Defendelo e potencialo en todos os ámbitos, non so asegura o futuro laboral das preto de máis de 20.000 persoas que traballan de forma directa en el, senón de outros tanto que emprega de maneira indirecta.

As lonxas galegas, como primeiro paso na cadea comercializadora dos produtos do mar, xogan un papel fundamental na relación entre os mariñeiros e compradores. Estas deben atoparse nas mellores condicións posibles, ademais de evolucionar e adaptarse aos novos tempos. A importancia que agora ten internet a través das vendas online en outros sectores, mostrase como unha oportunidade única para mellorar o proceso de compra nesta área, de forma que saian beneficiadas todas as partes involucradas.

A Xunta de Galicia debe promover ferramentas dixitais que permitan ás lonxas vender online. A creación de unha plataforma virtual onde as lonxas poidan subir os lotes de produtos cando estes se están a poxar, de forma que o comprador desde calquera lugar tamén poida puxar, é unha ferramenta máis que aporta valor na comercialización dos produtos.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 18:14
Nº Rexistro: 19645
Data envío: 02/11/2017 18:14:13.755



A creación de esta plataforma tería vantaxes tanto para o vendedor como para o comprador. O vendedor podería chegar a un potencial de clientes máis alto que se non existise esta ferramenta, sendo unha iniciativa interesante sobre todo para aquelas lonxas máis pequenas. O comprador tamén sairía beneficiado, xa que tería de forma directa acceso a todo o peixe e marisco que se poxa nas lonxas galegas, podendo adquirir produtos por exemplo, que non ten na súa lonxa máis próxima.

Polo exposto, formulamos a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á creación dunha Plataforma de venda online, onde as lonxas galegas poidan subir os lotes de produtos que se poxan diariamente, de forma que o comprador poida puxar en tempo real.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Voceira S. e deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 18:14
Nº Registro: 19645
Data envío: 02/11/2017 18:14:13.755



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 02/11/2017 18:13:04

Juan José Merlo Lorenzo na data 02/11/2017 18:13:10

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 23024(10/PNC-001842)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa defensa dos intereses galegos no marco europeo da pesca e a incidencia neles da normativa de eliminación de descartes, de medidas técnicas e de control

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Diego Calvo Pouso, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazo Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos:

No mes de xuño celebrábase en Vigo un Seminario no que se debatía sobre a problemática que trae consigo a práctica dos descartes pesqueiros e a obriga de desembarque de todas as capturas realizadas, un encontro que foi organizado pola Comisión do Arco Atlántico e que foi liderado por Galicia.

O Arco Atlántico é unha das comisións xeográficas da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas de Europa, creada no ano 1989 na cidade portuguesa de Faro, e que está integrada polas rexións bañadas polas augas do Atlántico, concretamente Irlanda, Reino Unido, Francia, España e Portugal. Actualmente está presidida pola rexión de Pays de la Loire (Francia).

A Conselleira do Mar sinalaba nesta ocasión, como en outras moitas xa ten manifestado, a necesidade de colaborar entre as distintas rexións afectadas por esta decisión, para camiñar pola defensa dunha maior flexibilización ante a política europea de descartes cero.

Este grupo político cremos que debemos continuar facendo valer a postura do sector galego, en definitiva de Galicia, en calquera das instancias nas que se toman decisións que afectan á nosa frota.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver unha política de actuación na defensa da pesca no marco europeo diante dos retos específicos que se abren para o noso sector marítimo pesqueiro neste ámbito e que nos leve a seguir



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 11:28
Nº Rexistro: 23024**
Data envío: 15/01/2018 11:28:41.961

pormenorizadamente os trólogos no marco europeo para tratar de evitar que as normas de eliminación de descartes e de medidas técnicas e da de control se afasten das nosas demandas”.

Santiago de Compostela, 15 de Xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/01/2018 11:25:40

Carlos Enrique López Crespo na data 15/01/2018 11:25:59

María Ángeles García Míguez na data 15/01/2018 11:26:27

María Soraya Salorio Porral na data 15/01/2018 11:26:37

Diego Calvo Pouso na data 15/01/2018 11:26:43

Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2018 11:27:18

Marta Rodríguez Arias na data 15/01/2018 11:27:34

Daniel Vega Pérez na data 15/01/2018 11:27:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 23099(10/PNC-001852)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a axilización polo Goberno galego dos trámites necesarios para a recuperación do litoral afectado pola construción do porto deportivo de Sanxenxo, así como a decisión que debe adoptar en relación coa solicitude presentada polo Real Club Náutico para a modificación e ampliación da concesión

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

O Real Club Náutico de Sanxenxo vén de presentar unha solicitude para a modificación da concesión por ampliación de prazo extraordinario, para a construción e explotación dun inmovble destinado a CEAR, escola integral de vela e sede do Real Club Náutico de Sanxenxo, no porto de Sanxenxo (expediente 13-11-04-C-1).

A prioridade para Sanxenxo, no que ten que ver co porto deportivo, é a recuperación do litoral, acordo unánime do Parlamento de Galicia tomado este pasado 2017 e que obriga a Portos, Costas e Concello a reunirse para trazar un plan de rexeneración e posta en valor do noso espazo costeiro.

Que non existan movementos para executar este acordo parlamentario mentres se contempla a realización de novas edificacións nun porto cuxa construción foi ilegal e causante de moi graves problemas ambientais, parécenos unha falta de respecto ao Parlamento de Galicia e á unanimidade expresada por todos os partidos, incluído o partido que sustenta ao Goberno.

No caso de ser necesario prestar algún novo servizo e construír unha nova edificación no mencionado porto, mentres non se rexenere o litoral agredido, debemos destacar que Sanxenxo conta cunha empresa pública de carácter



municipal (Náuta Sanxenxo) que podería facerse cargo desa necesidade e reverter así os posibles beneficios da explotación nos veciños e veciñas deste Concello, no caso de que a Xunta de Galicia estime urxente dita actuación, aínda que parece que non é este o caso, xa que non existe unha demanda cidadá sobre esta cuestión nin parece que esta petición sexa máis necesaria e urxente que a comprometida recuperación do litoral.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1- Axilizar os trámites para a recuperación do litoral Sanxenxino afectado pola construción ilegal do porto deportivo.
- 2- Desestimar a petición de modificación e ampliación da concesión realizada polo Real Club náutico alegando que están pendentes os informes de actuación do grupo de traballo encargado da recuperación do litoral pola afección de dito porto.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 23099
Data envío: 15/01/2018 14:01:04.225

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 15/01/2018 13:57:55

Antón Sánchez García na data 15/01/2018 13:58:03

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 25978(10/PNC-001997)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia e traslado aos grupos parlamentarios dun informe referido aos trámites levados a cabo e da documentación remitida ao Goberno central para a presentación, diante da Unión Europea, da candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez e María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O Goberno galego afirmou, por medio do presidente da Xunta de Galicia en actos públicos (24 de novembro de 2017 no Intecmar de Vilaxoán – Vilagarcía de Arousa), a través da súa Conselleira do Mar en Pleno do Parlamento (11 de xullo de 2017), por medio de membros da Consellería de Mar en sesión de control ao Goberno en Comisión do Parlamento de Galicia e a través dos medios de comunicación, que estaba a traballar e que presentara a candidatura de Galicia para a acollida na nosa Comunidade Autónoma da condición de laboratorio europeo de referencia de control bacteriolóxico de bivalvos, que Núñez Feijoo sinalou para o centro de investigación Intecmar, en Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa).

O propio 10 de outubro, a Comisión 8^a do Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade, a proposta do Grupo Parlamentario Socialista, o seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar todas as accións necesarias para constituír a mellor candidatura formal do Estado para que Galicia acolla o Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, definir a proposta concreta do concello candidato e constituír un grupo de traballo conxunto de todas as administracións implicadas (Estado, Comunidade Autónoma, Deputación Provincial e Concello) para traballar de maneira colaborativa en conseguir a chegada do dito laboratorio.”

(Comisión 8^a do Parlamento de Galicia. 10 de outubro de 2017)



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A delegación española na Comisión Europea, e no Comité encargado de dirimir esta cuestión, estaba representada por membros do Ministerio de Sanidade pola súa función de control en termos alimentarios e de saúde.

A pesares disto, foi coñecido que a Comisión Europea presentou aos estados membros unha resolución que indicaba a desaparición como tal do laboratorio, e a atribución das funcións ás que Galicia aspiraba a laboratorios de outros países europeos. Máis alá de que esta información estaba en posesión das autoridades autonómicas antes de facer os relatados anuncios, foi coñecido tamén que nunca existiu unha candidatura formal como si se anunciou facer por parte do goberno da Xunta de Galicia.

En sesión plenaria do 20 de decembro de 2017, o Goberno da Xunta de Galicia respondeu, por medio da Conselleira do Mar, a estas cuestións para dar explicacións sobre o acontecido. As explicacións ofrecidas implicaron varias imprecisións sobre os procedementos de toma de decisión e dos representantes españoles participantes das xuntanzas europeas nas que foi coñecida e comunicada a decisión. Algunhas destas imprecisións foron advertidas en días posteriores por diversos representantes europeos que apuntaron novamente ás incoherencias do proceso anunciado, pero nunca levado a cabo, polo Goberno autonómico de Galicia.

En recentes días foi coñecido que a Xunta de Galicia continuou a facer novos intentos con funcións periféricas e dispersas, asociadas ao mesmo procedemento, tamén de maneira infrutuosa.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un informe exhaustivo e minucioso dos pasos levados a cabo polo goberno autonómico de Galicia, que inclúa a documentación presentada e tramitada para solicitar ante o goberno de España constituír a candidatura de Galicia ante a Comisión Europea para acoller o citado laboratorio. Este informe incluírá tamén as persoas ás que correspondeu realizar cada acción por parte do Goberno autonómico, ben sexan responsables da Consellería de Mar ou de Sanidade.

2. Facilitar copia dese informe aos grupos parlamentarios representados no Parlamento de Galicia

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2018 11:18:02

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2018 11:18:10

María Dolores Toja Suárez na data 12/02/2018 11:18:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/02/2018 11:18:40

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 26991(10/PNC-002080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a actuación que debe levar a cabo para evitar a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 11:02
Nº Rexistro: 26991
Data envío: 27/02/2018 11:02:59.385

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de que o Goberno galego reclame a transferencia das competencias das condicións de seguridade das actividades de mergullo para impedir que se dean circunstancias como a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Está a consulta pública o proxecto de Real Decreto polo que se determinarán as novas condicións de seguridade das actividades de mergullo. Unha normativa que pretende refundir unha lexislación dispersa, contraditoria e desactualizada. Nos últimos anos houbo unha gran proliferación de novas modalidades de mergullo, en diferentes ámbitos como o deportivo, recreativo, profesional ou na extracción de recursos mariños, que non contou coa adaptación apropiada, carecendo dunha normativa adecuada ou aplicándolle aquela que é propia do mergullo profesional, creando verdadeiras situacións de indefensión.

Un colectivo, o dos mergulladores que sofre unha gran desregulación profesional, sen un marco laboral estable e transparente, que precisa regular as condicións de seguridade complementariamente coa actividade para que non haxa



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 11:02
Nº Rexistro: 26991
Data envío: 27/02/2018 11:02:59.385

intrusismo e que non campe a lei da selva. E impedir que haxa posibilidade de aproveitarse da precariedade laboral a costas de xogarse a vida e realizar tarefas sen as mínimas medidas de seguridade esixíbel pola lexislación vixente. Cumprindo unhas medidas de seguridade pero tamén con uns dereitos e uns deberes tal e como ocorre con outras actividades profesionais.

Pero tamén no colectivo dos recolectores que desenvolven actividades de extracción de recursos vemos como as competencias estatais afogan os plan específicos aprobados pola Consellaría do Mar, intentando aplicarles aos recolectores os mesmos estándares de seguridade que ao mergullo profesional.

Evidénciase que esta falla de transferencia das competencias de seguridade por parte do Estado á Xunta de Galiza ten traído consigo innumerábeis queixas, reunións, recursos, etc, dos recolectores evidenciando o descoñecemento da actividade por parte do ministerio competente e a interpretación particular de cada Capitanía Marítima, cando é a propia Xunta de Galiza quen ten regulado a extracción do recurso e polo tanto quen debería ser competente para establecer as medidas oportunas de seguridade en función das características de cada Plan.

Na actual proposta de Real Decreto proponse a prohibición da técnica de mergullo en apnea, cando é a técnica empregada para a recolección do longueirón, pois adáptase adecuadamente á profundidade, menos de 3 metros e as características do recurso (*Ensis siliqua*). Prohibilo é complicarlle, unha vez máis aos recolectores de longueirón a desenvolver a súa actividade con maior gasto, dificultade, e penalidade.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 11:02
Nº Rexistro: 26991

Data envío: 27/02/2018 11:02:59.385

Non se ten en consideración as peculiaridades dos Plans aprobados pola Consellaría do Mar, que inclúe un número determinado de embarcacións e de permisos de explotación, consideracións que se deberían ter en conta ao elaborar as medidas de seguridade e non impoñer medidas individuais esixindo a maiores embarcacións de apoio, persoal necesario ou tempos de inmersión sen ter en conta a realidade da actividade ou deixar en mans do Capitán Marítimo pertinente a adecuación dos requisitos esixidos.

Establece o borrador que este colectivo debe observar as previsións que para eles establece a normativa dos recoñecemento médico obrigatorio de todo o persoal embarcado, expedido polo ISM, pero non avanza nada na esixencia dunha asistencia específica nin dun recoñecemento acorde as súas enfermidades profesionais. Encontrándonos diariamente con casos como" que chegan á Seguridade Social cunha otites, e recéitanlles unhas gotas e mándanos a traballar cuns tapóns sen considerar que traballan a presión". Ou que teñan danada unha costela e que lle dean a alta aos poucos días sen ter en conta que sometidos a presión o que era unha fisura pode converterse en fractura.

Ou a obrigatoriedade de contratar por parte dos mergulladores un seguro privado e persoal polos posibles danos ocasionados, sen saber exactamente as coberturas obrigatorias ou cando menos si as mesmas xa veñen cubertas polo réxime especial ou o seguro de responsabilidade civil obrigatorio da embarcación enrolada.

Nesta normativa establece que será a Dirección Xeral da Mariña Mercante e as Capitanías Marítima os que poderán realizar as inspeccións necesarias desta actividade de alto risco, que reúne unhas normas moi estritas, onde a realidade é que non se poñen os medios necesarios para que se cumpran. A maior parte dos

profesionais son autónomos e sometidos a moita competencia desleal no propio sector, non están regulados os prezos, tendo graves consecuencias para o desenvolvemento da actividade.

Por parte da administración non hai control, non se inspecciona, non se vixía que se cumpran as normas ata que hai fallos evidentes que causan graves accidentes. E no caso dos recolletores exíxelle enormes requisitos burocráticos para que logo as inspeccións as leve a cabo, subsidiariamente a Xunta de Galicia. Outro tanto podemos dicir das novas competencias do Sasemar, cando as competencias de formación as ten a Consellaría do Mar.

Polo tanto se é a Xunta quen ten os medios, quen está a pé de obra o normal é que teña as competencias, pois a Xunta é quen desenvolve os plans, coñece a realidade, ten capacidade e medios para facerlle seguimento e inspeccionar a aplicación dos criterios regulados.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

Reclamar a transferencia das competencias das condicións de seguridade das actividades de mergullo para impedir que se dean circunstancias como a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón.

Presentar alegacións ao *“proxecto de Real Decreto polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo en augas marítimas*



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 11:02
Nº Rexistro: 26991
Data envío: 27/02/2018 11:02:59.385

españolas” do 1 de febreiro, do ministerio de Fomento, de xeito que se preserve o dereito á extracción do longueirón en apnea, e a que non se lles afogue intentando aplicarlles aos recolectores os mesmos estándares de seguridade que ao mergullo profesional.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2018 10:50:42

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2018 10:50:47



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 11:02
Nº Rexistro: 26991
Data envío: 27/02/2018 11:02:59.385

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2018 10:50:48

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2018 10:50:49

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2018 10:50:51

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2018 10:50:52

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 27595(10/PNC-002138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas oportunas para posibilitarlle á frota galega de artes distintas ao arrastre e ao cerco, que vai levar a cabo a pesqueira da cabala no ano 2018, o desenvolvemento da súa actividade nas mesmas condicións que as outras frotas do Cantábrico

Publicación da iniciativa, 276, 14.03.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 17:33
Nº Rexistro: 27595
Data envío: 08/03/2018 17:33:13.820

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a adoptar para que a flota galega poida realizar a súa actividade nas mesmas condicións que outras do Cantábrico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ven de publicarse unha resolución do 25 de xaneiro da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se establece a apertura da pesquería da cabala para o ano 2018, para os buques de outras artes distintas ao arrastre e cerco no Cantábrico noroeste, con porto base en Guipúscoa e Biscaia, onde se pode comprobar as grandes diferencias que supón o actual reparto dunhas flotas con respecto a outros, sendo as galegas as máis prexudicadas.

Así, neste 2018, aplicándolle a redución que sufriu o reparto de cotas na UE do 20%, correspóndelle a estas dúas provincias a cantidade provisional de 3.869.081 quilos, sendo autorizada a súa actividade a partir do 26 de xaneiro de 2018. O ano pasado correspondéronlle 5.048.607 quilos, comezando a súa actividade o 01 de xaneiro de 2017.

Cantabria, o ano pasado obtivo unhas 3.009.188 quilos, comezando a súa actividade o 27 de febreiro e establecendo un reparto lineal de 3.000 quilos por tripulante enrolado. Non contemplou porcentaxe por pesca accidental.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 17:33
Nº Rexistro: 27595

Data envío: 08/03/2018 17:33:13.820

Ese mesmo ano o noso País, por iniciativa do presidente da Federación de confraría de Lugo, dividiron a cota por provincias, correspondéndolles:

- Lugo. 694.857 quilos, comezando a súa actividade o 20 de marzo con un reparto de 2.000 quilos por tripulante semana.
- A Coruña: 828.091 quilos, iniciando a súa actividade o 20 de marzo con unha cota de 2.000 quilos tripulante semana. Deixándolle unha porcentaxe do 15% para pesca accidental e no establecendo un tope de 300 quilos por embarcación e semana.
- Pontevedra: 572.427 quilos, iniciando a súa actividade o 27 de marzo, nunha condicións onde o 50% de dita cota era para a pesca dirixida.

O resultado final foi que partillamos a fame co criterio de cada quen que se zafe. O Goberno galego inhibiuse totalmente do problema e algúns traballaron unicamente 5 días mentres outras flotas estiveron todo o tempo que quixeron no noso caladoiro, pescando sen ningún tipo de control, vendendo a uns prezos espectaculares mentres a flota galega dirixida aplicásele unhas condicións leoninas cuns resultados lamentables. Os que defenderon o seu dereito a poder pescar, pescan case todo o ano, algúns sen ningún tipo de restricións, mentres a flota galega ao pairo.

Situación dramática, que ten preocupada a nosa flota, que padecen unha negociación, pola que pasaron dunha situación onde a igualdade de barco igual dereito de cota, a esta que carecen de dereitos, non poden pescar nas súas augas e teñen que padecer que embarcacións iguais poden na campaña facer 10.000 ou 100.000 euros, en función do país ao que pertencen.

Neste ano 2018 estase repetindo de novo a situación, sen que o Goberno galego faga nada por emendalo, máis que xustificar o inxustificable que a igualdade de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 17:33
Nº Rexistro: 27595
Data envío: 08/03/2018 17:33:13.820

embarcacións existe unha gran desigualdade dependendo ao lugar no que teñas o porto base.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para a o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a adoptar as medidas oportunas a para que a flota galega de buques de outras artes distintas ao arrastre e cerco que vai desenvolver a pesquería dirixida á cabala poidan levar a cabo a súa actividade nas mesmas condicións, inicio de campaña, cantidade de capturas...,que as outras flotas do Cantábrico.”

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 17:33
Nº Rexistro: 27595
Data envío: 08/03/2018 17:33:13.820

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2018 17:32:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/03/2018 17:32:29

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2018 17:32:30

Noa Presas Bergantiños na data 08/03/2018 17:32:31

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2018 17:32:33

Ana Pontón Mondelo na data 08/03/2018 17:32:40